CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO 11 DE FEBREIRO DE 2022

No día de hoxe, ás 09:35 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López
ASISTEN:
Miguel Angel Vallo Camba
Mª del Carmen Torreiro González
Aurora Varela Duro
Manuel Rodriguez Santos
Jesús Manuel Segade González

Rafael Rivadulla Varela
Jesús Gómez Camino
Cristina Castro Pampin

Xoan Xesús Carril Ramos
Lucia López Sobrado

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluidos na **ORDE DO DÍA**:

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

1. DITAME PROPOSTA PARTICIPACIÓN PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+2022

1.1. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+2022

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión Municipal, de data 08/02/2022, no seguinte sentido:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022","achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	299.534,06
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	**299.534,06**

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	**FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO**				
Denominación da obra ou subministración	**Deputación**	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)**	**Total Concello**	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
CAMIÑO DE REMESIL A PEDREIRA (BRANZA)	61.425,83				61.425,83
CAMIÑO BRANZAILLA Ó COTO (BRANZÁ)	43.286,85				43.286,85
CAMIÑO TEIRABOA A GULDRIS (RENDAL)	89.442,61				89.442,61
Subtotal investimentos achega provincial 2021	**194.155,29**				**194.155,29**

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

- **Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

- **Resumo:**

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	299.534,06				299.534,06
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
	Achega 2022					

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

B- INVESTIMENTOS	**Achega 2021**	194.155,29				194.155,29
C- REDUCIÓN DÉBEDA	**Préstamo 2022**					
	Achega 2022					
	Achega 2021					
	Préstamo 2022					
	TOTAL	493.689,35				493.689,35

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	**Orzamento contrata** (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) **(A)**	**IVE soportado deducible** (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) **(B)**	**Orzamento subvencionable** (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) **(C= A-B)**
CAMIÑO PRINCIPAL EFA PIÑEIRAL A SEIXAS	71.748,81		
CAMIÑO DA AC-905 Á CARBALLEIRA (BRANDESO)	54.465,17		
CAMIÑO EN POUSADA (PANTIÑOBRE) E OUTROS	69.316,07		
CAMIÑO EN CARBALLEIRA (BRANDESO) A VENTORRILLO (VIÑÓS) E OUTRO	62.576,55		
TOTAIS	**258.106,60**		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten pendente de tramitar o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

Deseguido interveñen:

*O Sr. Carril Ramos (do BNG) para indicar:
-Que van votar a favor, a pesar de que faltan as autorizacións sectoriais, como ven sendo habitual con este goberno, pero esperan que antes da realización das obras estean.
-Queren lamentar, que este goberno non aceptara ningunha proposta das que presentou o seu grupo para este POS, polo que vai nomear algunhas que poderían ser interesantes e que poderían ser asumidas perfectamente, como por exemplo:
A estrada que vai de Portodemouros a Branzá, cando se arranxan dúas pistas en Branzá e deixanse fora do POS, a que enlaza a saída de Branza hacia Arzúa que é a que peor está de toda a parroquia de Branzá.
-A que atravesa todo Oins, que se lle votaron uns parches hai uns meses e xa estan levantados.
-Empezar coa cobertura móbil nas zonas de Oins, Dodro, San Martiño
-Ampliación rede de augas, o alcalde dixo nun pleno que proximamente ia convocar unha reunión para ver que nos parecía o plan que presentaba a Xunta de Galicia, pasou un ano e non se convocou esa reunión.
-Que sobre as obras que se aproban para o POS, hai algunhas cousas que lles resultan estranas, porque non sabe cal é o criterio que se seguiu, para que unhas pistas se arranxen con aglomerado en quente (moito mais caro e mellor) e outras arránxanse cun tratamento asfáltico superficial, que practicamente non val para nada, so para sacar a foto o día que están as máquinas alí, as que se fixeron ano ou ano e medio, xa están como estaban antes deses arranxos.
-O proxecto de Brandeso a Carballeira, o proxecto pon a Carballeira de Brandeso e

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

a Carballeira é de Viños, que hai que correxir para que despois non teña que vir a outro pleno. A carballeira prolongase hacia o Ventorrillo por un lado e hacia a igrexia por outro ¿ Por que van en dous proxectos distintos? ¿Por que se deixa na carballeira un tramo de 40 ou 50 m sen facer?
-Que no proxecto Pousada Pantiñobre e outros, van tres obras, unha en Pantiñobre, outra en Burres e outra en Viladavil no mesmo proxecto, unha obra divídese en dous proxectos e outras que están en distintas parroquias van no mesmo proxecto.
-Na Painza, estrañalles moito que non se metera a prolongación que vai a Casaldoeiro que estaba nun estado desastroso

*O Sr. Rivadulla Taboada (PP) indica:
- Que igual que teñen feito noutras ocasións con este tipos de investimentos en que eles non interveñen, ainda que teñen presentado propostas, vanse abster neste punto.
-Calquera tipo de mellora en Arzúa e positivo, o que non é positivo e o tema dos atrasos nas obras, porque traense propostas de obras que despois tardan moito tempo en executarse, meses ou anos, pasan 6 meses para arranxar un parque infantil, pasan 3 meses ou o que quede por descubrir uns sinais a entrada de Arzúa ou X meses para o que quede da Fraga do Rei ou dos anos para sacar o concurso do chiringuito de Ribadiso, piden celeridade, deixar pasar o tempo e prexudicial para a veciñanza de Arzúa.

*O alcalde explica:
-Que o 100% das obras que vai son pistas debido ao seu mal estado.
- Que respecto o que comentaba o voceiro do BNG da pista de Portodemouros a Branzá, hai que ter en conta que as obras que se aproban no POS, tardan aproximadamente un ano, dende que se aproban no pleno ata que se executa a obra, polo que se evita incluír no POS as obras que están en peor situación, como por exemplo e a pista de Branzá, porque se se tarda un ano en facela xa non queda restos de pista, pretendese arranxar esa pista con orzamento propio do Concello para poder arranxala canto antes.
-A que atravesa todo Oins tense pensado realizar o proxecto, de feito xa se foi medir, para pedir un PIR, que é un plan que ten a consellería de medio rural a través de subvencións nominativas.
-A cobertura móbil, xa anduvo unha empresa mirando haber que técnica se pode utilizar para poder levar a fibra óptica.
- A ampliación rede de augas, xa ten comentado que hai dous anos que foi a unha reunión a Augas de Galicia co técnico do concello e co técnico que leva o servizo de mantemento da rede de augas, para explicar como está a situación en Arzúa, comprometéronse a facer un proxecto para mirar as necesidades que había e facer

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

unha avaliación da situación que a día de hoxe ainda non fixeron. El lémbrallo varias veces a través de correos electrónicos, pero o final vai acabar pedindo outra reunión, pero vai a esperar a celebración do pleno ordinario do mes de febreiro, se non lles cambia a idea traeran unha moción respecto a cousas que están pendentes e pasara o resultado desa moción as consellerias pertinentes.
- De porque nunhas se elixe aglomerado e noutras rego asfáltico, é un criterio técnico, a situación das pistas ven dado por diversas circunstancias, unha polo parón que houbo na contratación no concello e outra pola maquinaria que transita polas pistas, que non están preparadas para ese tipo de maquinaria, polo que a solución é ir transformando as que mais tráfico teñan en aglomerado para que duren mais.
No caso da de Pousada é a continuación coa que se chegou co aglomerado da pista principal que se utiliza para entrar na parroquia de Pantiñobre, é un cacho de continuación desa, por iso vai en aglomerado.
-Con respecto a continuación de Casaldoeiro, xa estaba adxudicada e estes días estaban traballando nela
-Con respecto o voto do Partido Popular, cre que cometen un erro, sona un pouco raro ir facer a foto para protestar polos baches e logo non votar a favor das obras.
- Con respecto a celeridade agora mesmo neste concello como ven sabe o concelleiro do PP non existe.

*Intervén a Concelleira do PSdeG Begoña Balado Conde, para explicar que respecto a pista de Branzá que quedaba no medio sen arranxar, é debido a que se vai incluir noutro plan. E sobre os proxectos unidos, unironse polo importe porque mínimo é de 30.000 euros e desa maneira axustanse.

Indica o Sr. Carril Ramos (do BNG) que referiase a que vai dende Branzá á estrada de Portodemouros .

A Sra. Balado Conde indica que esa vaise facer por separado para que vaia mais rápido.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, por 10 votos a favor (6 votos dos concelleiros/as AxA e 1 concelleira do PsdG-PSOE, 2 dos/as concelleiros /as do BNG e 1 do concelleiro de CxG) e 3 abstencións dos concellerios/as do PP, o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”,”achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	299.534,06
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	**299.534,06**

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	**FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO**				
Denominación da obra ou subministración	**Deputación**	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)**	**Total Concello**	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	**FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO**				
Denominación da obra ou subministración	**Deputación**	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)**	**Total Concello**	
CAMIÑO DE REMESIL A PEDREIRA (BRANZA)	61.425,83				61.425,83
CAMIÑO BRANZAILLA Ó COTO (BRANZÁ)	43.286,85				43.286,85
CAMIÑO TEIRABOA A GULDRIS	89.442,61				89.442,61

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

(RENDAL)					
Subtotal investimentos achega provincial 2021	**194.155,29**				**194.155,29**

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

- **Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	**PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda**
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

- **Resumo:**

			Concello			
POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		**Deputación**	**Concello**	**IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)**	**Total concello**	**Orzamento Total**
A- GASTOS CORRENTES	**Achega 2022**	299.534,06				299.534,06
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	**Achega 2022**					
	Achega 2021	194.155,29				194.155,29
C- REDUCIÓN DÉBEDA	**Préstamo 2022**					
	Achega 2022					
	Achega 2021					
	Préstamo 2022					
	TOTAL	493.689,35				493.689,35

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	**Orzamento contrata** (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) **(A)**	**IVE soportado deducible** (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) **(B)**	**Orzamento subvencionable** (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) **(C= A-B)**
CAMIÑO PRINCIPAL EFA PIÑEIRAL A SEIXAS	71.748,81		
CAMIÑO DA AC-905 Á CARBALLEIRA (BRANDESO)	54.465,17		
CAMIÑO EN POUSADA (PANTIÑOBRE) E OUTROS	69.316,07		
CAMIÑO EN CARBALLEIRA (BRANDESO) A VENTORRILLO (VIÑÓS) E OUTRO	62.576,55		
TOTAIS	**258.106,60**		

TERCEIRO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten pendente de tramitar o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias

CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

SEXTO.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

coa Seguridade Social.

SETIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

1.2 POS+ADICIONAL 1/2022 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión Municipal, de data 08/02/2022, no seguinte sentido:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	104.836,92€
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	104.836,92€

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co			0,00 €

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.			
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, considerararanse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.	15.000		15.000 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	563.640	457.000	106.640 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	15000	1.000	14.000 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a			0,00 €

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	15.000		15.000 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.			0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	608.640 €	458.000 €	150.640 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			0,00 €
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	608.640 €	458.000 €	150.640 €

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Interveñen:

*O Sr. García Vázquez (de CxG) indicou:
- Que quere resaltar o punto h) Gastos en investimento, chámalle a atención que nese apartado o importe é 0 euros, neste caso seria equipamento asistencial, habería que darlle unha volta, porque viria a enriquecer o patrimonio do concello, significa que os técnicos terían material tecnolóxico para traballar.

*A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) manifesta: A Deputación está sufragando os gastos todos polo tema do Covid e polo resto, porque tanto o concelleiro de CxG como o concelleiro do PP Rivadulla Varela, que están no PP mais ou menos os dous, deberían solicitarlle a Xunta mais gastos sociais e mais axudas para Arzúa.

*O Sr. Carril Ramos (BNG) indica:
-Que está a favor, e aínda que houbera mais diñeiro tería cabida nestas partidas, sobre todo no momento que estamos a vivir
- Que con respecto o punto d), xa trouxeron a este pleno unha das propostas que levaban no programa electoral e na cal seguen reincidindo a pesar de que o partido popular esta en contra ou non o ten claro, hai que empezar a dar pasos para facer un centro de día, esta partida demostra que hai moita xente deste concello que se ten que desprazar a un centro de día a Melide ou Boimorto, este orzamento non daría para iso, pero consideran que é horas de empezar a moverse nese eido para conseguir un centro de día para este concello.

*O Sr Rivadulla Taboada (do PP) indica:
-Que na proposta faise mención o informe das traballadoras sociais onde di que se acreditan o cumprimento dos requisitos dos distintos apartados da base 12.1, que se cumpran os requisitos non quere dicir que non poidan aportar algo no informe xustificando a necesidade destes puntos, porque hai puntos que quedan a 0 euros, supoñen que están ben xustificados, van facer como no punto anterior e vanse abster, porque non teñen argumentos para saber se uns puntos son mais necesarios que outros
-Que sobre as axudas da Xunta para o tema social, o servizo de axuda no fogar ten dispoñible mais horas para atender os concellos, no sabe se o concello de Arzúa non necesita mais, será que o concello non as necesita.

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

-Hai unhas axudas a centros de maiores que son as casas do maior, e os concellos que quixeran solicitar estas axudas, no ultimo ano houbo 72 novos centros, e concellos na provincia da Coruña como Ponteceso, Muxia, Carnota, Mazaricos, teñen casa do maior, o concello de Arzúa non sabe cando solicitou a Xunta para crear unha casa do maior.
-Que esta ben queixarse pero quere saber que peticións non foron atendidas do Concello de Arzúa.

*O alcalde para explicar:
- Que está proposta foi elaborada polas traballadoras sociais sin ningunha intervención del como concelleiro de servizos sociais, porque considera que son as que mellor coñecen as necesidades que teñen no departamento.
- Que con respecto o que comentou o concelleiro de CxG, están a punto de adxudicar o servizo de axuda no fogar, nas que as empresas participantes estaban xa obrigadas a presentar unha serie de material para conseguir unha puntuación, por iso as traballadoras non porían nada nese apartado h).
-Con respecto ao centro de día xa expresou aqui, a opinión que ten a conselleira como o xerente con respecto os centros de día, que non estaba moito a favor de facer centros de día porque a xente do rural non era partidaria de ir para eles, polo que haberá que seguir insistindo.
- Con respecto as horas dispoñibles, a consellería da horas dispoñibles pero sabe que están atados pola contratación, por exemplo en Arzúa, vaise adxudicar o servizo de axuda no fogar por un número total de horas en base as necesidades presentes, pero esas necesidades son cambiantes e nun ano ou dous esas necesidades se multiplican, polo que estas ceñido a un contrato.
-Que respecto as casas de maiores, cre que están orientadas a concellos mais pequenos que este.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, por 10 votos a favor (6 votos dos concelleiros/as AxA e 1 concelleira do PsdG-PSOE, 2 dos/as concelleiros /as do BNG e 1 do concelleiro de CxG) e 3 abstencións dos concellerios/as do PP, o Pleno **ACORDOU:**

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	104.836,92€
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	104.836,92€

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.			0,00 €
O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.			
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	15.000		15.000 €
As axudas en especie para alimentación e educación,			

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

considerararanse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €. c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.			
O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	563.640	457.000	106.640 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	15000	1.000	14.000 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	15.000		15.000 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.			0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	608.640 €	458.000 €	150.640 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado			0,00 €

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.			
A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).			0,00 €
A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	608.640 €	458.000 €	150.640 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

2. DITAME PROPOSTA RESOLUCIÓN SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE. EXPTE. TeDEC: 2021/A008/000023

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión Municipal, de data 08/02/2022, no seguinte sentido:

PRIMEIRO.- Outorgar compatibilidade para actividade privada solicitada baixo os seguintes condicionantes:

A) Que dita actividade privada non afecte a súa xornada de traballo e horario no Obradoiro de emprego quedando sen efecto en caso de coincidencia de xorandas ou no caso de cambio de posto no sector púbico e sen referirse a segundo posto ou actividade pública , compatibilidade que se outorga só para exercicio de actividade privada solicitada .

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

B) A interesada non invocará nin fará uso das súa condición pública para o exercicio da actividade privada . O exercicio de dita actividade privada non servirá de excusa o deber de asistencia o lugar de traballo do posto , atraso neglixencia ou descuido no desempeño do mesmo no Concello de Arzúa.

C) O recoñecemento de compatibilidade non ampara actividades sinaladas no artigo 12 da lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal o servicio das AAPP nin aquelas do artigo 11 do regulamento desta lei 598/1985.

D) Este recoñecemento queda sen efecto ante un cambio das circunstancias funcións retribucións do posto que conleve a incompatibilidade nos termos da Lei 53/1984 e regulamento que a desenvolve.

SEGUNDO.- Notifíquese este acordo á interesada aos efectos oportunos así como o departamento de persoal do Concello de Arzúa para que se proceda a sinatura do contrato coa traballadora proposta para ser contratada en decreo 585/2021 de 14/10/2021 como mestre docente titor.

Interveñen o Sr. Carril Ramos (BNG) para indicar, que van votar favor, xa noutro pleno houbo un caso semellante, os informes son favorables, e supoñen que a persoa interesada poderá adaptarse os condicionamentos que constan nos informes.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, por unanimidade dos seus membros (6 votos dos concelleiros/as AxA e 1 concelleira do PsdG-PSOE, 2 dos/as concelleiros /as do BNG, 1 do concelleiro de CxG e 3 votos dos concellerios/as do PP), o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Outorgar compatibilidade para actividade privada solicitada baixo os seguintes condicionantes:

A) Que dita actividade privada non afecte a súa xornada de traballo e horario no Obradoiro de emprego quedando sen efecto en caso de coincidencia de xorandas ou no caso de cambio de posto no sector púbico e sen referirse a segundo posto ou actividade pública , compatibilidade que se outorga só para exercicio de actividade privada solicitada .

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

B) A interesada non invocará nin fará uso das súa condición pública para o exercicio da actividade privada . O exercicio de dita actividade privada non servirá de excusa o deber de asistencia o lugar de traballo do posto , atraso neglixencia ou descuido no desempeño do mesmo no Concello de Arzúa.

C) O recoñecemento de compatibilidade non ampara actividades sinaladas no artigo 12 da lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal o servicio das AAPP nin aquelas do artigo 11 do regulamento desta lei 598/1985.

D) Este recoñecemento queda sen efecto ante un cambio das circunstancias funcións retribucións do posto que conleve a incompatibilidade nos termos da Lei 53/1984 e regulamento que a desenvolve

SEGUNDO.- Notifíquese este acordo á interesada aos efectos oportunos así como o departamento de persoal do Concello de Arzúa para que se proceda a sinatura do contrato coa traballadora proposta para ser contratada en decreto 585/2021 de 14/10/2021 como mestre docente titor (A data e número de decreto está mal, sendo o correcto nº 56/2022 de 24/01/2022)

3. DITAME PROPOSTA RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN. EXPTE TeDEC: 2021/A008/000023

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión Municipal, de data 08/02/2022, no seguinte sentido:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición con motivación nos informes xurídicos que constan no expediente e motivaron a denegación de outorgamento de compatibilidade .

SEGUNDO.- Notificar este decreto o interesado aos efectos oportunos.

Interveñen:
*O Sr. Carril Ramos (BNG) para indicar:
-Que van adaptarse os informes, gustaríalles poder votar a favor pero como os informes non son favorables vanse abster.

*O Sr. Rivadulla Varela (do PP) para manifestar:

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

-Que xa no pleno de novembro comentaran sobre este asunto, que non tiñan moita información para dar o sentido do voto hacia un lado ou outro.
-Que nun informe que proporciona o traballador falase dunha sentenza do ano 1996 de 30 de setembro, intentaron buscar información do centro de documentación xudicial do CGPJ e non foron capaces de atopar dita sentenza.
-Que tamén fala da anterior contratación compatible co concello na gardería, non menciona o ano, non menciona as circunstancias, para saber se se adaptan o mesmo caso que agora ou non, non saben se ese feito sucedeu e se era nas mesmas condicións.
-Que tampouco os informes que presenta o Concello fai mención deste feito nin tampouco a sentenza
-Que lle gustaría que o concello buscase algunha alternativa, igual que no caso anterior, porque se trata dun traballador de Arzúa.
-Que van votar en contra da resolución do Concello, pero sen ter argumentos legais.

*O alcalde explica:
-Que o informe de secretaria está suficientemente traballado e razonado como para que haxa dúbidas.
-Que buscouse se habia algunha alternativa, pero parece que na hai, e lamentao, porque é unha inxustiza cando alguén dispón de horario e non ten xornada completa, non debería haber esa diferencia
-Que non van votar a favor tendo os informes en contra

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación este ditame, por 7 votos a favor (6 votos dos concelleiros/as AxA e 1 concelleira do PsdG-PSOE), 3 abstencións (2 dos/as concelleiros /as do BNG, 1 do concelleiro de CxG) e 3 votos en contra dos concellerios/as do PP), o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición con motivación nos informes xurídicos que constan no expediente e motivaron a denegación de outorgamento de compatibilidade .

SEGUNDO.- Notificar este decreto o interesado aos efectos oportunos.

As 10:16 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

O alcalde,	A secretaria,
José Luis García López	Rebeca Vázquez Vázquez

FIRMADO POR Rebeca Vázquez Vázquez (FECHA: 16/02/2022 15:01:00) , José Luis García López (FECHA: 16/02/2022 15:20:00)
Versión imprimible
CVD: wIaa4/c3NYelECEpkwcT
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.